



A FOLLA DA CGT

Núm. 33 - 11 setembro 2020

Pandemia, protocolos e teletraballo

A pandemia segue avanzando. Navantia vén de publicar dous novos documentos esta semana. Comparten o mesmo fin cos anteriores: trasladar toda a **responsabilidade** ós **traballador@s**.

Para a empresa, ela faino todo perfecto e o risco de contaxio dentro das instalacións é case imposible... salvo que os traballadores sexan uns irresponsables. Esta é a idea de fondo destes documentos.

Hai un dito: "Dime de qué presumes y te diré de qué careces". Navantia presume de primar a seguridade sobre a produción. A realidade é totalmente **oposta**: presión para **obrigar** a retornar ó traballo presencial a centos de persoas que estaban teletraballando, tivemos que forzala para que aumentase o plantel da **limpeza** (que segue a ser **insuficiente** para o tremendo traballo que supón hixienizar toda a factoría), criterios **restritivos** no reparto de máscaras...

Os recursos para combater a pandemia foron e son **ridículos**. Que se deixe de contos. **Navantia nunca primou a seguridade sobre a produción**. E cando o fixo, foi obrigada polos traballador@s.

É unha mágoa que moitos protocolos estean avalados por unha maioría sindical. Agora se asustan das súas consecuencias e se enfadan porque a empresa os ningunea. Só conta con eles se é para avala as súas políticas.

Desde o inicio, a empresa utilizou o teletraballo con criterios **productivos**, non de seguridade. Para así manter toda a actividade posible durante o **confinamento**. Cando este rema-

tu, tratou de minimizar o teletraballo con todo tipo de presións, á par que asinaba protocolos e acordos que din todo o contrario.

O risco non desapareceu, os rebrotes se multiplican. O inicio do curso escolar e a volta ó traballo tralas vacacións empeorarán este escenario.

É unha vergoña que, agas a **CGT**, ningún outro sindicato estea a facer nada co asunto do teletraballo. Navantia segue sen responder á reclamación colectiva asinada por cerca de 200 traballador@s. Os argumentos están claros. Hai que pasar das palabras á acción. O coronavirus non vai frear á **CGT**.



Casualidade?

Este mes remata a prórroga do contrato de mantemento das instalacións da ría coa UTE Tecman-ElectroRayma.

A nova licitación abrirose este mes. Navantia deixou claro que hoxe en día non pode asumir esas tarefas con persoal propio, pero que ten intención de facelo no futuro.

Navantia cada vez subcontrata máis. Pero nos vén con que quere recuperar unhas tarefas que afectan precisamente a un dos poucos colectivos de traballadores subcontratados con dereito á **subrogación**. Que casualidade!

A desmobilización pola carga de traballo

A responsabilidade da destrución de milleiros de empregos é da **dirección de Navantia**, dos **empresarios da IA** (verdadeiros parasitos en sentido estrito) e do propio **gobierno**, incapaces de establecer proxectos que garantan a estabilidade laboral necesaria.

A obriga do comité é **mobilizar** para facer a máxima presión. A desidia e a incapacidade amosada estes anos para artellar mobilizacións á altura das reivindicacións foi evidente. Agora, coa excusa do coronavirus, a maioría sindical está a **agachar** esta **desmobilización** baixo o paraugas das mobilizacións só de delegados.

¿Os traballador@s non podemos mobilizarnos para defender os empregos, pero si podemos acudir ó traballo? Excusas para non molestar a Navantia, ós empresarios das compañías e o goberno.

A frivolidade e o desprezo co que se trata o drama do paro de milleiros de compañeir@s é indecente.

A **CGT** participou nas primeiras desas mobilizacións e puidemos constatar a súa inutilidade. Por tanto, a menos que estas mobilizacións sexan aprobadas polos **traballador@s** nunha **assemblea xeral da factoría**, a **CGT** non vai ser parte dun paripé que só busca **aparentar** que se fai algo.



Novos ingresos

Algunhas das **reclamacións** ás listas provisionais de operarios e empregados júnior 2019 versan sobre á **interpretación das bases** no relativo a se sacar 28 puntos no exame teórico é condición para poder ir á segunda proba (psicotécnico) ou só para poder obter puntos do baremo.

A semana pasada, a empresa dixo que había que **esperar** para falar do tema (proba de que o estaba estudando xuridicamente). Esta semana veu cun plantexamento inaudito: **non contestalas**. Outra proba de que esta dirección esquece que Navantia é pública, non unha leira particular.

Finalmente aceptou contestalas. A resposta será **negativa** porque CCOO, MAS, UGT e Alternativa Independente de Fene apoiaron a postura da dirección.

¿Por que a empresa aceptou finalmente contestalas? Porque se atopou enfronte cunha postura **unánime** de tódolos sindicatos. Nin sequera presentou resistencia. Nada máis dicirlle a postura sindical, aceptou de inmediato respondelas.

Se a maioría sindical, no canto de coincidir tantas veces coa empresa, mantivese posturas de defensa dos intereses de clase dos traballadores, as cousas serían ben **distintas**.

Incremento salarial 2020

Onte publicouse que o Goberno está estudando **conxelar** os salarios da Administración e as empresas públicas en 2021. De algures van saír os cartos para rescatar as empresas. Porque coa fusión de Bankia e CaixaBank, hai que esquecerse de que o Estado recupere a maioría dos cartos do rescate bancario de 2008.

Isto tamén debe lembrarnos que está pendente o incremento salarial **aprobado** para 2020. Outras empresas públicas si o cobraron. ¿Por que Navantia non?

Escalafón xa

O artigo 30 do **convenio** é moi **claro**: a empresa ten que publicar o escalafón dentro do **primeiro trimestre** de cada ano. Pero o último escalafón definitivo é de 2016 (en 2017 só se publicou o provisorio).

Que non se agachen detrás da covid-19. O escalafón pode prepararse mediante teletraballo. O problema é a mala fe. Ou dan xa unha data **razoable** para a súa publicación, ou a **CGT denunciará**.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte info nas RRSS:

